

## Informe sobre aclaración necesidade de tramitar un plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación de instalacións deportivas cubertas (Instituto de Estudos do Territorio – Expediente XCP-23/066)

### ANTECEDENTES

**ÚNICO.-** O 26.10.2023 o director do Instituto de Estudos do Territorio solicitou informe á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre a "*Necesidade de formular un plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación dun conxunto de instalacións deportivas na zona de As Bizocas (San Vicente do Mar) que promove o Concello de O Grove*".

A consulta vai acompañada do correspondente proxecto, referido a diversos espazos públicos de lecer e deportivos, tanto ao aire libre como cubertos, nunha parcela situada na unidade de paisaxe 06-03-334 "San Vicente do Mar" do Plan de Ordenación do Litoral.

En concreto, o proxecto prevé unha zona estancial, circuíto biosaudable, circuíto de calistenia, parque infantil, zona de baloncesto en exterior e zona deportiva cuberta, que ocupan un total de 2.731,6 m<sup>2</sup> (44,6 %), da parcela cuxa superficie total é de 4.965,2 m<sup>2</sup>.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.-** Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as persoas titulares das dirección xerais ou presidencias das entidades públicas vinculadas ou dependentes da Xunta de Galicia.

**SEGUNDA.-** O Concello do Grove ten como instrumento urbanístico, as Normas Subsidiarias de Planeamento (NSP) aprobadas definitivamente o 25.04.1996, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 03.09.1996 e a súa normativa publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* núm. 158 do 16.08.1996. A vixencia das ditas NSP foi afectada polo *Decreto 2008/2002, do 20 de xuño, de suspensión das normas subsidiarias de planeamento municipal do Grove*, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 21.06.2002, suspendendo a vixencia de parte das NSP do Grove e aprobando a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (no sucesivo, LSG), establece no seu apartado terceiro o seguinte:

*"Os decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da entrada en vigor da presente lei manterán a súa eficacia, como norma de dereito transitorio, ata a data de entrada en vigor do correspondente plan xeral de ordenación municipal, agás no relativo ao réxime do solo rústico, respecto do cal resultará de aplicación directa o réxime xurídico previsto nesta lei e nas súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento".*

En consecuencia, ao solo rústico do Concello de O Grove aplicaráselle directamente o réxime do solo rústico previsto na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente o Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (en adiante, RLSG).



**TERCEIRA.-** A consulta formulada polo Instituto de Estudos do Territorio refírese á necesidade de formular un plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación das instalacións deportivas previstas no proxecto que acompaña á solicitude.

A Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo ten entre as súas funcións a interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, pero non pode resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes concretos de competencia municipal, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo.

En todo caso, a cuestión de fondo suscitada circunscríbese a determinar se a implantación dunha instalación deportiva cuberta aínda que aberta polos seus ventos laterais require a tramitación dun plan especial de infraestruturas e dotacións ou, pola contra, resulta suficiente a obtención do correspondente título habilitante municipal de natureza urbanística.

O artigo 35.1.d) da LSG, contempla entre os usos e actividades admisibles no solo rústico, as *"... actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate"*.

No mesmo sentido, pronúnciase o artigo 50.1.d) do RLSG.

Ambos preceptos exigen que as actividades deportivas, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso de que se trate, *"se desenvolvan ao aire libre"*, polo que en ningún caso amparan a implantación de instalacións deportivas cubertas.

As instalacións deportivas cubertas obxecto de consulta poden incardinarse no uso previsto no artigo 35.1.p) da LSG, que considera un uso admisible no solo rústico as *"construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados"*.

Agora ben, o artigo 36.4 da LSG tan só permite a implantación deste uso, previa aprobación dun plan especial de infraestruturas e dotacións que aprecie e xustifique o interese público desta actuación e que atenda ás determinacións previstas nos artigos 70 e 73 da LSG.

Neste sentido pronunciouse a Comisión Permanente da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo no informe emitido o 31.07.2027 sobre a posibilidade de instalación de pistas de pádel cubertas en solo rústico (Expediente XCP-23/045).

## CONCLUSIÓN

Unha instalación deportiva cuberta constitúe un uso admisible en solo rústico previsto no artigo 35.1.p) da LSG (*"Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados"*) e, polo tanto, en aplicación do artigo 36.4 da LSG, a súa implantación requirirá a aprobación dun plan especial de infraestruturas e dotacións.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

